



Resolución de 26 de marzo de 2008, da comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a selección e contratación entre os candidatos incluídos na lista previa na categoría de Arquitecto Técnico, perfil profesional de “dirección e/ou xefatura de obra”, convocado por resolución do 12 de marzo de 2008 (DOG do 12 de marzo de 2008), pola que se convoca a realización da entrevista persoal, se sinala a data, hora e lugar para a realización da mesma e outros acordos.

En sesión que tivo lugar o día 26 de marzo de 2008, a comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a selección e contratación entre os candidatos incluídos na lista previa na categoría de Arquitecto Técnico, perfil profesional de “dirección e/ou xefatura de obra”, convocado por resolución do 12 de marzo de 2008 (DOG do 12 de marzo de 2008) do Director-Xerente, e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen o proceso, entre outros, **ACORDOU:**

Primeiro.- Candidatos convocados da lista previa.

De conformidade co establecido nas Bases Xerais (punto 2.2.1), e nas Bases Específicas II (punto 1.4) das que rexen o proceso, acordou convocar ó proceso selectivo a tódolos candidatos da lista previa de Arquitecto técnico, no perfil de “dirección e/ou xefatura de obra”.

Do total de dúas (2) prazas do sistema de acceso libre, non procede a reserva de prazas para ser cuberta por persoas con discapacidade, cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%, por non acadar o número de vacantes unha cota de reserva igual ou superior a 0,5.

Segundo.- Convocar á realización da entrevista persoal.

De conformidade co disposto nas Bases Xerais (punto 2.2.4.3) e na Bases Específicas II (puntos 2.2 e 2.3) das que rexen o proceso, acordou convocar ós candidatos que se relacionan no ANEXO para a realización da entrevista persoal.

Terceiro.- Acordo da Comisión de Selección

A Comisión de Selección acorda ampliar o prazo de presentación de documentación á que fai referencia o punto 2.1 das Bases Específicas II na Categoría Arquitecto Técnico, perfil profesional de “dirección e/ou xefatura de obra”, convocado por resolución do 12 de marzo de 2008 (DOG do 12 de marzo de 2008).

O prazo habilitado para a achega da antedita documentación abrangue dende o día seguinte á publicación desta Resolución ata o 31 de marzo de 2008 ás 14:00 h, ámbolos dous inclusives.



Os lugares habilitados para a presentación da documentación son os referidos nas Bases Específicas II (punto 1.1.2)

Cuarto.- Data, hora e lugar para a realización da proba e desenvolvemento da mesma.

De conformidade co disposto nas Bases Xerais (punto 2.2.4.3) e nas Bases Específicas II (punto 2.3) das que rexen o proceso, a proba realizarase o día 31 de marzo de 2008, na sede de servizos centrais de Seaga, sita no polígono industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15.890 Santiago de Compostela, en chamamento único en sesións que se iniciarán:

As 09:30 horas, dende Varela Negreira, Ricardo Raúl, ata Babio Ríos, Juan Carlos, ámbolos dous incluídos.

As 10:30 horas, dende Blanco Rivero, Daniel, ata González Álvarez, Samuel, ámbolos dous incluídos.

As 11:30 horas, dende Juncal Pereira, Miguel, ata Pazos Bernárdez, Ana María, ámbolos dous incluídos.

As 12:30 horas, dende Pereira Fuentes, Juan Daniel, ata Prieto Quiroga, Amalia, ámbolos dous incluídos.

As 13:30 horas, dende Reinoso Gómez, Manuel, ata Rodríguez Rodríguez, Eugenio Antonio, ámbolos dous incluídos.

O tempo máximo para a realización de dita proba será de 20 minutos.

A orde de actuación dos candidatos iniciarase alfabeticamente por aquel cuxo primeiro apelido empece pola letra “V”, de conformidade co establecido na resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 29 de xaneiro de 2008, pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e segundo o disposto nas bases xerais aprobadas polo Consello de Administración de SEAGA en data 12 de novembro de 2007 (DOG do 14 de novembro de 2007 e corrección de erros do 15 de novembro de 2007, e corrección de erros na páxina web de Seaga do 20 de novembro de 2007), ao tratarse dunha proba a celebrar no ano 2008.

Os candidatos serán convocados en único chamamento, sendo excluídos os que non comparezan, non sendo os casos debidamente xustificadas libremente apreciados pola comisión de selección. Non se admitirá recurso ao respecto das decisións da comisión de selección neste punto.



A comisión de selección comprobará a identidade dos candidatos antes do inicio da proba, para o cal os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente, sendo excluído igualmente quen non poida acreditar a súa identidade, ao xuízo da comisión de selección.

Non se permitirá no recinto onde se realice a proba o acceso e tenza de teléfonos móbiles, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico, ou calquera outro material ou instrumento. Advírtese que non haberá servizo de recollida do referido material, instrumento ou dispositivos.

Santiago de Compostela, a 26 de marzo de 2008.

Asdo.- M^a Jesús Cobas Ríos

Presidenta da comisión de selección



DNI ou eq.
32610340C
32681092R
32766836R
32782918Y
32840867H
33286485B
33300624M
33327472N
33328714N
33344682H
33993185J
34259992C
34262896A
34913473W
34937978N
35278101B
35279422K
35303614V
35435728L
44475986N
44806372A
52933770Y
76827447H
76863220A
78786151L
78796418M
79319783M